

**CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DO ALUMNADO DO GRAO
DE CRIMINOLOXÍA NAS OFICINAS DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS DO DELITO**

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **Antonio López Díaz**, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) segundo nomeamento recollido no Decreto 35/2022, de 17 de marzo, actuando en nome e representación desta e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

Primeiro. As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e máis con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. Á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes correspóndenlle, entre outras, as competencias relativas aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da



Administración de xustiza, de conformidade co Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e en virtude do propio Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, que establece no seu artigo 20.1 que lle corresponde á Comunidade Autónoma exercer toda a facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado.

Terceiro. As Oficinas de Asistencia ás Víctimas, tal e como recollen as súas Resolucións constitutivas (a saber, a Resolución do 5 de febreiro de 2004, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se constitúe o Servizo Común de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima dependente do Decanato dos xulgados da cidade da Coruña, a Resolución do 5 de febreiro de 2004, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se constitúe o Servizo Común de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima dependente do Decanato dos xulgados da cidade de Pontevedra e a Resolución do 15 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se constitúen os servizos comúns de Atención á Cidadanía e Asistencia á Víctima dependentes dos decanatos dos xulgados das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo), son equipos multidisciplinares cuxo obxectivo consiste en prestar unha atención e asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas dos delitos, dando resposta ás súas necesidades específicas nos ámbitos psicolóxico e social.

De acordo co Real Decreto 1109/2015 de 11 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da Víctima do delito, e se regulan as Oficinas de Asistencia ás Víctimas, as Oficinas de Asistencia ás Víctimas do Delito estarán atendidas por profesionais especializados, entre os que poderán atoparse, psicólogos, persoal ao servizo da Administración de Xustiza, xuristas, traballadores sociais e outros técnicos cando a especificidade da materia así o aconselle.

Igualmente recolle entre as funcións das Oficinas a cooperación con estudos e investigacións sobre diferentes aspectos da vitimización a partir dos resultados da intervención das oficinas, a coordinación con entes e institucións primando a interdisciplinabilidade ou o acercamento da xustiza á cidadanía promovendo a comprensión das súas actuacións.

Cuarto. Todas as entidades e organismos que interactúan coas vítimas pretenden evitar, na



medida do posible, a vitimización primaria, así como a vitimización secundaria e a revitimización e, para conseguilo é preciso que a atención á vítima sexa multidisciplinar, realizándose unha intervención conxunta, integral e con un coñecemento global das necesidades da vítima desde os diferentes ámbitos profesionais. A multidisciplinariedade é fundamental para evitar os baleiros, disfuncións e sobre actuacións que presenta unha intervención individualista e conseguir un tratamento efectivo, eficaz e eficiente sobre o delito, os factores de risco, os factores de protección e as consecuencias dos feitos delitivos.

Quinto. O Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu artigo 8.1.a) a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanza impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante, establece no seu artigo 8.f) o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición Adicional Primeira) que "a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración". Así mesmo, no artigo 51.f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

Sexto. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral e completar os coñecementos adquiridos nas aulas.

Sétimo. O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes e das estudantes universitarios/as, desenvolve aspectos tales como os



obxectivos das prácticas, as entidades colaboradoras e os destinatarios, requisitos, titorías e contidos dos convenios de cooperación educativa. Ademais, tal regulación procura a promoción da incorporación de estudantes en prácticas no ámbito das administracións públicas, impulsando a empregabilidade dos futuros profesionais, fomentando a súa capacidade de emprendemento, creatividade e innovación, e dando resposta ao compromiso coa transformación económica baseada na sociedade do coñecemento. En concreto, os obxectivos concretos destas prácticas, entre outros, consisten en aplicar os coñecementos adquiridos no Grao de Criminoloxía ao desempeño dunha actividade profesional, lograr destrezas organizativas, de planificación e de traballo en equipo, coadxuvar ao desenvolvemento de habilidades prácticas e dotar de capacidade de integración e de contribución á dinámica de traballo nun organismo ou unha institución.

Oitavo. Que é de interese para ambas as dúas institucións fomentar e favorecer a realización das prácticas académicas externas do alumnado e facilitar unha preparación integral para o seu exercicio profesional, así coma a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade, en canto estas actividades resultan especialmente beneficiosas para a formación de profesionais que nun futuro puidesen colaborar ou dar servizo á Administración de Xustiza, o que redundará nunha maior calidade da mesma.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio.*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas curriculares do alumnado do Grao en Criminoloxía, facilitando a preparación para o seu exercicio profesional en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais, coa



finalidade de promover o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das persoas tituladas universitarias.

Segunda. Convocatoria de prácticas e proxecto formativo.

Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas terá unha duración de 120 horas, que se realizarán durante un máximo de catro semanas no mes de abril (para o curso académico 2024/2025, dende o 31 de marzo ata o 2 de maio, descontada a Semana Santa), a razón de 30 horas cada semana, 6 horas ao día.

Non obstante, por acordo expreso entre o alumnado e a persoa responsable de cada oficina, poderase acordar unha distribución diferente da carga horaria, garantíndose, en todo caso, a duración das 120 horas.

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro e do artigo 6 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, os proxectos formativos das prácticas curriculares externas, contarán cunha planificación na que se fará constar: as competencias que debe adquirir o/a alumno/a, a dedicación en créditos ECTS ("European Credit Transfer Accumulation System", en galego "Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos"), as actividades formativas que debe desenvolver o/a alumno/a, o calendario e horario, e o sistema de avaliación.

No Anexo deste convenio defínense os mesmos e fíxanse os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os obxectivos establécense considerando as competencias básicas, xenéricas ou específicas que debe adquirir o alumnado. Así mesmo os contidos defínense de forma que aseguren unha relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

Finalizadas as prácticas, o/a titor/a externo/a deberá emitir un informe referido ás habilidades e destrezas adquiridas polo alumnado, o grao de realización das tarefas encargadas e dos deberes asumidos por el, e á capacidade para o exercicio da actividade profesional de que se trate. A cualificación máxima que pode obter é de 4 puntos.



Os proxectos formativos seguirán os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Terceira. Selección do alumnado.

O órgano previsto na convocatoria efectuará a selección do alumnado conforme aos criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes.

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

O Instituto de Criminoloxía deberá comunicar á Dirección Xeral de Xustiza, segundo o destino escollido, o número de persoas propostas para a realización das prácticas obxecto do presente convenio, cunha antelación mínima de dous meses ao inicio da actividade que se solicita.

A selección dos oficinas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnas e alumnos aceptados/as corresponderá á Dirección Xeral de Xustiza.

Cuarta. Dereitos e deberes do alumnado.

O alumnado en prácticas terá dereito a contar cun titor ou titora externa dunha das Oficinas de Asistencia ás Víctimas, e un titor ou titora académica do Instituto de Criminoloxía.

O alumnado en prácticas terá dereito a:

- a) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O alumnado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.



- b) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas.
- c) Recibir, por parte da Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- d) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas.
- e) Dispoñer, no caso do alumnado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
- f) Conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
- g) Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas.

Así mesmo terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do estudante universitario", e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante o período de prácticas, o alumnado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

O alumnado deberá:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto na cláusula sétima.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas.



- c) Gardar o debido coidado profesional e procesual respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas ca Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas.
- f) Cumprir calquera outra prevista na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre o Instituto de Criminoloxía ou entidade xestora de prácticas e a Oficina de Asistencia ás Vítimas na que realice as prácticas.

O alumnado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obteren o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

Quinta. *Titorización das prácticas.*

A cada estudante seralle atribuído un titor ou titora académica que será docente da titulación por designación do centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor ou titora académica tamén será o responsable de avaliar ao alumnado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido polo Instituto de Criminoloxía.

Cada estudante contará tamén cun titor ou titora na Oficina de Asistencia ás Vítimas onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido pola alumna ou alumno.



Sexta. Dereitos e obrigas dos titores e das titoras.

A.- O titor ou titora externa da Oficina de Asistencia ás Víctimas terá dereito a:

1. O recoñecemento da súa actividade colaboradora e do esforzo do persoal na formación práctica, por parte do Instituto de Criminoloxía, mediante un certificado acreditativo do seu labor de titorización segundo o modelo vixente neste Instituto de Criminoloxía como recoñecemento.
2. A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
3. A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
4. A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

B.- O titor ou titora externa da Oficina de Asistencia ás Víctimas terá os seguintes deberes:

1. Acoller o alumnado e organizar a actividade consonte o establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar o alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor ou titora académica do Instituto de Criminoloxía o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio, que deberán contemplar:
 - a. As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
 - b. A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - c. O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio. O informe final deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.



7. Proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
9. Facilitar ao titor ou titora académica do Instituto de Criminoloxía o acceso á Oficina de Asistencia ás Víctimas para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
11. Prestar axuda e asistencia ao alumnado durante a súa estancia na Oficina de Asistencia ás Víctimas, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

C.- O titor ou titora académica do Instituto de Criminoloxía terá os seguintes dereitos:

1. Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos
2. Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do alumnado que debe tutelar.
3. Ter acceso á Oficina de Asistencia ás Víctimas para o cumprimento dos fins propios da súa función.

D.- O titor ou titora académica do Instituto de Criminoloxía terá os seguintes deberes:

1. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do alumnado.
2. Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor ou titora externa da Oficina de Asistencia ás Víctimas e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
3. Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
4. Avaliar as prácticas do alumnado titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado no CG do 29 de xullo de 2015).



5. Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
6. Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas no Instituto de Criminoloxía das posibles incidencias xurdidas.
7. Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Sétima. Memoria das prácticas.

Ao rematar o período de prácticas cada alumna ou alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor ou titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao establecido na Memoria para a verificación do Título Oficial en Criminoloxía, de conformidade co RD 822/2021, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, e ao modelo propio do centro, se o ten.

Oitava. Procedemento de avaliación.

O titor ou titora académica, á vista do informe da Oficina de Asistencia á Vítima e da memoria final do alumnado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Novena. Certificación da Oficina de Asistencia ás Víctimas.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a Oficina de Asistencia ás Víctimas emitirá para cada alumno e alumna unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración, as actividades, traballos, investigacións, etc rea-



lizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice o Instituto de Criminoloxía das prácticas.

Décima. *Efectos das prácticas.*

A realización das prácticas curriculares polo alumnado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

Décimo primeira. *Aseguramento do alumnado e responsabilidade civil.*

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para o alumnado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, ao seu cargo, un seguro de accidentes.

2. O Instituto de Criminoloxía dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubrirá as posibles contingencias durante o desenvolvemento das prácticas, nos termos estipulados na póliza. Non obstante, no caso de prácticas en que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.

Décimo segunda. *Compromisos do Instituto de Criminoloxía.*

O Instituto de Criminoloxía ofertaralle ao alumnado os destinos para a realización das prácticas que se acorden a través da Comisión de Seguimento deste convenio. A Comisión de Seguimento acordará anualmente as prazas que o Instituto de Criminoloxía pode ofertar no correspondente curso académico ao alumnado para a realización de prácticas nas Oficinas de Asistencia ás Víctimas.

O Instituto de Criminoloxía ofrecerá a posibilidade de realizar as prácticas académicas externas ao alumnado que teña aprobadas as seguintes materias:



- a) Todas as materias correspondentes aos cursos primeiro e segundo do Grao.
- b) As seguintes materias do terceiro curso do Grao: "Delincuencia e xustiza xuvenil"; "Penoloxía e ciencia penal"; "Psicoloxía Criminal II"; "Avaliación e tratamento do delincente"; "Proceso penal"; "Psiquiatría forense e Vitimoloxía".
- c) As seguintes materias do cuarto curso: "Medicina legal e forense".

Igualmente, o alumnado non manterá ningunha relación funcional ou contractual coa Xunta de Galicia ou con empresa, institución ou entidade pública ou privada que preste servizos para a Xunta de Galicia, nin co propio Instituto de Criminoloxía na que se van realizar as prácticas, salvo unha autorización conforme a normativa interna do devandito instituto.

O Instituto de Criminoloxía realizará unha convocatoria pública na que se indicará o número de alumnado de prácticas e as condicións das prácticas académicas externas, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

O Instituto de Criminoloxía organizará o programa de prácticas atendendo ás competencias básicas, xenéricas e/ou específicas, de ser o caso, que debe adquirir o alumnado.

O Instituto de Criminoloxía e o alumnado que realice as prácticas externas nas Oficinas de Asistencia ás Vítimas comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Igualmente, comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado ás persoas interesadas en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.



Décimo Terceira. *Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social.*

1. A realización de prácticas externas ao amparo do presente convenio determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.
2. No caso das prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá ao Instituto de Criminoloxía que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a Oficina de Asistencia ás Vítimas.
3. A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.
4. O Instituto de Criminoloxía garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos alumnos/as que, en base a este convenio, sexan autorizados pola Oficina de Asistencia ás Vítimas para a realización de prácticas nas súas instalacións.
5. Esta cláusula será de aplicación para todo o alumnado que realice prácticas externas ao amparo deste convenio a partir do 1 de xaneiro de 2025 ou, no seu defecto, a partir da data no que se asine o convenio.

Décimo Cuarta. *Compromisos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.*

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará na realización das actuacións ás que se refire a cláusula anterior deste convenio, facilitando que o alumnado seleccionado polo Instituto de Criminoloxía poda realizar as prácticas externas nas Oficinas de Asistencia ás Vítimas.



Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comunicará ao Instituto de Criminoloxía as incidencias que se produzan co alumnado durante o período de prácticas; en particular, as relativas á incorporación do alumnado na data de comezo das prácticas, as ausencias, períodos de vacacións ou as desistencias que se produzan por parte daquel, das que se dará traslado ao Instituto de Criminoloxía para que as curse como proceda.

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

O período de prácticas non constitúe unha relación laboral entre o alumnado e a Xunta de Galicia, polo que non poderá esixirlle responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, debendo quedar estes cubertos pola póliza de seguro subscriba polo O Instituto de Criminoloxía. Tampouco suporá relación laboral co O Instituto de Criminoloxía.

Non poderá formalizarse un contrato de traballo entre as institucións e o estudantado mentres non finalice a práctica.

Décimo Quinta. *Financiamento.*

Este convenio non implica obrigas económicas nin compromisos de gastos para o orzamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. O alumnado non terá dereito a remuneración, indemnización nin gratificación ou compensación económica da Administración Autónoma por mor da realización das prácticas.

Décimo Sexta. *Comisión de Seguimento.*

Créase unha Comisión de Seguimento deste convenio, integrada por catro membros designados polos asinantes de cada parte:



- Dous membros por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.
- Dous membros por parte do Instituto de Criminoloxía.

Entre as funcións que lle corresponden á Comisión de Seguimento inclúense:

- a) Determinar anualmente o número de prazas que se poden ofertar ao alumnado do Instituto de Criminoloxía para a realización de prácticas externas nas Oficinas de Asistencia ás Vítimas.
- b) Realizar o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio e das actuacións que se establezan.
- c) Impulsar as funcións de coordinación entre as institucións asinantes para a máis axeitada consecución dos obxectivos formativos.
- d) Interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Décimo Sétima. Difusión.

As partes darán a adecuada difusión polas súas canles habituais (publicacións, web, redes sociais etc) ás actividades formativas obxecto deste convenio.

Con anterioridade ao comezo da celebración das prácticas externas do alumnado do Instituto de Criminoloxía, ambas as dúas institucións porán en común toda a información que se xere sobre o contido daquelas e que deba ser coñecida polos participantes.

Décimo Oitava. Duración.

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.



En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento do convenio e previo acordo das partes.

Décima Novena. *Modificación e resolución anticipada.*

Este convenio poderá modificarse por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificadora.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, a outra parte poderalle notificar á parte incumpridora un requirimento para que asuma nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento seralle comunicado, así mesmo, ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.
Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- c) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.
- e) Calquera outra causa distinta das anteriores que sexa prevista polo ordenamento xurídico.

Vixésima. *Réxime xurídico do convenio.*

O presente convenio, de natureza xurídico-administrativa, celébrase ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quedando o seu réxime xurídico excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6.



As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que se podan derivar da aplicación do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo das partes no seo da Comisión de Seguimento, constituída conforme o previsto na cláusula Décimo Sexta. No suposto de cuestións litixiosas que non fosen solucionadas pola Comisión, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Vixésimo Primeira. *Publicidade e transparencia.*

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das súas especificacións, se poidan publicar nos referidos portais de transparencia.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Vixésimo Segunda. *Obriga de cumprimento dos compromisos.*

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.



Vixésimo Terceira. *Certificación negativa de delitos sexuais.*

En cumprimento do artigo 13.5. da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, a Dirección Xeral de Xustiza esixirá ao alumnado de calquera nivel formativo que realice prácticas externas, a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

Vixésimo Cuarta. *Dereito á dignidade e intimidade das vítimas e familiares.*

1. O alumnado está obrigado a respectar os principios éticos e deontolóxicos propios do corpo e, en concreto, os de honra, intimidade, privacidade persoal e familiar, dignidade, segredo profesional e procesual e confidencialidade.
2. O deber e o dereito ao secreto profesional abrangue toda a documentación da que o alumnado tivera coñecemento por razón de calquera das modalidades da actuación en prácticas.
3. Estes deberes de segredo profesional e procesual permanecerán mentres duren as prácticas e unha vez que finalicen.

De conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente convenio no lugar e data ao principio indicados.

POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Diego Calvo Pouso

Antonio López Díaz



ANEXO

ANEXO AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DO
ALUMNADO DO GRAO DE CRIMINOLOXÍA NAS OFICINAS DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS DO
DELITO

CURSO ACADÉMICO 202...../202.....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio suscrito entre o Instituto de Criminoloxía e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Estudante beneficiario ou beneficiaria deste Convenio

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Enderezo electrónico: _____

Teléfono: _____

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

2.- Titulación e curso no que está matriculado ou matriculada

3.- Centro de prácticas e localidade onde se desenvolverán as actividades



4.- Titor ou titora académica

D/Dona: _____

DNI: _____

5.- Titor ou titora de prácticas da Entidade Colaboradora

D/Dona: _____

DNI: _____

6.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa)

Dende o día _____ ata o día _____

Horas/día: _____, segundo a convocatoria establecida para o curso académico de referencia.

7.- O réxime de permisos será acordado pola entidade colaboradora e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que o Instituto de Criminoloxía poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia ao Instituto de Criminoloxía motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do alumnado tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

8.- O obxectivo educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

9.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc). O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de profundización dependerán dos labores a desenvolver polo alumnado dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadia onde porán en práctica os coñecementos adquiridos, adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.



10.- Sistemas de avaliación e control. O/A titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final da alumna ou alumno, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

11.- O/A estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o calendario previsto no anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Respectar os principios e éticos e deontolóxicos propios do Corpo e, en especial os deberes de segredo profesional e procesual.
- d. Manter a máis estrita confidencialidade sobre toda aquela información e documentación á que teña acceso como consecuencia da realización das prácticas obxecto do presente Convenio.
- e. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- f. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- g. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

12.- Información de protección de datos da USC

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela
Responsable do tratamento	O órgano responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela. Para calquera dúbida poderá poñerse en contacto con protecciondatos@usc.gal ; dpd@usc.es
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.



Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica en http://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.html
Información Adicional	A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html
Transferencias internacionais	Non se prevén

O que se asina, por triplicado, en _____, a _____ de _____ de 202_____

O/A titor/titora académico/a,	O/A titor/titora de prácticas da entidade colaboradora,	O/A estudante,
Asinado: _____	Asinado: _____	Asinado: _____

